

MOCIÓN DE AER SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA VIDA DO CONCEBIDO

PLENO 30 XANEIRO 2014. ACTA 1/2014

“Ninguén dubida do problema social derivado da desigualdade das mulleres, levándose a cabo numerosas actuacións para facer efectiva a igualdade de sexos. Por outra banda, actualmente atopámonos inmersos nunha grave crise económica, con recortes en todo o sector público, recortes que afectan ás prestacións da sanidade pública, tanto nos centros hospitalarios – menos persoal, menos prestacións sanitarias, eliminación de medicamentos, etc., - así como a diminución ou recortes en todo tipo de axudas para as persoas dependentes.

Neste contexto, preténdese facer unha reforma da coñecida como “Lei do aborto” por cuestión ideolóxicas ao non existir unha demanda social neste sentido, na que se despenalizará á muller que interrompe o embarazo fóra dos casos establecidos na lei e se suprime a facultade da muller para poder decidir libremente sobre se quere ou non abortar, é dicir:

- Estamos a favor que se despenalice á muller que interrompe o embarazo, sempre e cando a muller poida decidir libremente e dispoña dos medios para dar cumprimento a súa vontade; pero se se despenaliza á muller e non aos profesionais que o levan a cabo, entendemos que é una medida claramente discriminatoria cara á muller, porque a lei a considera como un ser incapaz de asumir as consecuencias dos seus actos.

- Por outro lado, na norma establécese que a muller non pode decidir sobre si mesma, necesitando de dous informes médicos que acrediten o grave perigo para a súa vida ou saúde física ou psíquica.

Suprímese o suposto das graves anomalías no feto, obrigando ás mulleres a asumir una “responsabilidade engadida” para o resto da súa vida, non só as mulleres, senón á súa familia e ao resto da sociedade.

Establécese que o Estado, e consecuentemente todos os cidadáns, non teñen por que asumir o gasto da interrupción dun embarazo, pero ¿poderá o Estado asumir os graves efectos sobre as familias e a sanidade pública que conlevaría o nacemento dunha nova vida ou unha vida con graves anomalías ou deficiencias?.

Entendemos que o anteproxecto de lei é discriminatorio, respecto das mulleres e por todo o exposto, solicitamos a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado que NON se tramite, e en consecuencia, se archive o anteproxecto de lei de protección de vida do concebido.

2.- Instar á Xunta de Galiza para que se leven a cabo e se fagan efectivas, medidas que garantan a igualdade de sexos (home – muller).

3.- Instar á Xunta de Galiza para que se leven a cabo medidas para garantir a conciliación laboral – familiar, medidas que se apliquen por igual a homes e mulleres.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

O concelleiro de AER acepta que se vote por puntos .

Respecto do punto primeiro proposto, apróbase por maioría sendo sete votos en contra(PP), tres abstencións (PP: as concelleiras QUELLE FERNÁNDEZ, ALONSO ALONSO e o concelleiro ALONSO MONTEAGUDO) e once a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER)

Os puntos segundo e terceiro, apróbanse por unanimidade dos/das concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).